

IDEAS PARA REUTILIZAR MATERIAIS


Un xardineiro ou xardineira precisa ferramentas e materiais. Usade a vosa imaxinación e pensade cales dos obxectos que tendes na casa ou no colexio podeades reutilizar para plantar.

Lembrade que a paciencia tamén é imprescindible para axudar as plantas a medrar sas.

TESTO NUNHA BOTELLA DE PLÁSTICO

MATERIAIS

- Botella grande de plástico co tapón
- Punzón
- Fíos de cores e cinta adhesiva decorativa
- Tesoiras
- Terra con fertilizante
- Rotulador permanente




PASOS

- 1 Fai buratos co punzón na metade da botella ata que caiba a punta das tesoiras e comeza a cortar con coidado.
- 2 Elixe a metade superior da botella. Corta un bo anaco de cinta adhesiva e cubre o bordo para que non sexa tan aguzado.
- 3 Co punzón fai polo menos dous buratiños no tapón.
- 4 Se a botella ten fendas podes enrolar fíos de cores arredor. Tamén podes decorala con anaquinhos de cinta.
- 5 Introduce, co tapón cara abaixo, a parte superior da botella na outra metade e asegúraa apegando varios anacos de cinta. Cando regues, a auga sobrante acumularase na parte inferior e poderala reutilizar.
- 6 Coloca a terra con fertilizante e as sementes, ou unha planta que queiras transplantar, no teu novo testo.
- 7 Escribe o nome da túa planta sobre o plástico cun rotulador permanente.
- 8 Coloca o testo nun lugar iluminado e rega con frecuencia.

SEMENTEIROS CON ENVASES DE OVOS

MATERIAIS

- Oveira
- Tesoiras
- Sementes
- Terra con fertilizante
- Escarvadentes
- Papel
- Bolígrafo
- Celofán
- Pulverizador
- Film transparente



PASOS

- 1 Corta a tapa de cartón e queda coa parte dos oquiños onde se colocan os ovos.
- 2 Coloca un pouco de terra en cada oquiño, sen enche los ata arriba.
- 3 Planta unha ou dúas sementes por oco e cóbreas cunha capa fina de terra.
- 4 Rega moi amodo cunhas gotas de auga ou usa un pulverizador. Debes ter moito coidado de que non saian nin a terra nin as sementes.
- 5 Para saber o que plantaches en cada oco podes facer un carteliño co seu nome apegando con celo un anaquiño de papel a un escarvadentes.
- 6 Cubre toda a superficie da oveira con film transparente para que as sementes teñan calor e humidade. Non o retires ata que brotasen.
- 7 Cando estean máis crecidas e sexa o momento de transplantar, recorta cada oco de cartón e méteo directamente na terra.